



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CEE

Delegación especial da competencia para recibir o consentimento de matrimonio civil

RESOLUCIÓN

ASUNTO: DELEGACIÓN ESPECIAL DA COMPETENCIA PARA RECIBIR O CONSENTIMENTO DE MATRIMONIO CIVIL

EXPEDIENTE DECRETO: 2025/G003/000643

ANTECEDENTES:

EXPEDIENTE Nº: 2025/R001/000007

Con data 10/07/2025 e nº 202500000001681 de rexistro de entrada, Adrián Manuel Leira López, co DNI (...), presentou un escrito neste concello, no que expón que desexa contraer matrimonio civil con Cristina Maya Fernández o sábado, día 30 de agosto de 2025, ás 13:30 horas, no Concello de Cee, e solicita que a dita celebración sexa oficiada pola concelleira municipal Emilia María Trillo Lojo.

O día 19/06/2025 e nº 202500000001436 de rexistro de entrada recibíuse do Rexistro Civil de Cee o testemuño do auto autorizando o matrimonio civil con expediente nº 20250619/006434 a celebrar no Concello de Cee entre os contraíntes referidos, ditado polo Rexistro Civil de Segura de León (Badajoz) o día 21/04/2025.

Segundo o establecido no artigo 51.1 do Código Civil, as competencias de autorización do matrimonio civil cando este é realizado no concello corresponden ao/á alcalde/sa deste ou ao concelleiro/a no que delegue.

Considerando o disposto nos artigos 21.3 e 23.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 61.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Réxime Local de Galicia.

De acordo co sinalado no artigo 43 do RD 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), que dispón que a alcaldía pode efectuar unha delegación especial en favor de calquera dos concelleiros e concelleiras da Corporación referente a un asunto determinado.

RESOLVO:

1º. Outorgar á concelleira municipal Emilia María Trillo Lojo a delegación especial desta alcaldía da competencia para que reciba o consentimento do matrimonio civil de Adrián Manuel Leira López e Cristina Maya Fernández, o cal terá lugar o sábado, día 30 de agosto de 2025, ás 13:30 horas, no Salón de Plenos da Casa do Concello.

2º. A presente resolución terá efectos dende o momento da súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no BOP e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

3º. Nas resolucións que se adopten e nos documentos que se asinen no exercicio das delegacións conferidas por esta alcaldía, farase constar expresamente esta circunstancia e o número e a data desta resolución.

4º. Notificarlle a presente resolución de delegación á concelleira delegada, que se considerará tácitamente aceptada, agás manifestación expresa en contra.

Notificarlle a presente resolución aos interesados, con indicación expresa dos recursos a interpor, e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

En CEE, o 5 de agosto de 2025.

A alcaldesa, *Margarita Lamela Louzán*

A secretaria, *Rocío Hermida Cancela*

[Documento asinado electrónicamente]